



Unha vez superadas as xornadas de adversa climatoloxía, que facían imposible levar a cabo os traballos de conservación previstos, a brigada de conservación do patrimonio cultural e natural de Celanova posta en marcha este ano pola Fundación Curros Enríquez, levou a cabo na xornada de hoxe os traballos de limpeza da maleza que ó longo do inverno creceu sobre a ornamentación artística da fachada da igrexa do Mosteiro de San Rosendo.

A conxunción da permanente presenza das palomas que aniñan no lugar, xunto coa propia climatoloxía e as condicións arquitectónicas do edificio con grandes mesados sobre os arcos, as arquivoltas, os dinteis e as barandillas da fachada, fan que de forma periódica haxa que levar a cabo traballos de mantemento do conxunto, pois calquera outra actuación de prevención da presenza das palomas no lugar non teñen dado en ningún caso, resultados satisfactorios.

O principal problema para levar a cabo estes traballos de conservación son as propias dimensións da fachada que obrigan á contratación dunha grúa de grandes dimensións para poder acceder ós espazos onde é preciso levar a cabo a limpeza, de aí que a veces resulte

difícil e especialmente oneroso executar con máis frecuencia estas limpeza.

O custo económico do servizo de grúa será sufragado polo Concello de Celanova e a Parroquia de San Rosendo, mentres que, como queda dito, os traballos foron exectutados pola devandita brigada de conservación do patrimonio cultural e natural de Celanova.

